



# Caldo presentará 'Lugar A Ponte' ao vivo o 9 de xuño en Santiago de Compostela

O primeiro directo para dar a coñecer o novo álbum do trío terá lugar no marco da celebración do festival 'O que non se escribe' sobre arquivos sonoros e creación contemporánea

As entradas para a cita, que terá lugar o venres 9 a partir das 20:30 horas no Teatro Principal, están dispoñibles desde hoxe no espazo web [www.compostelacultura.gal](http://www.compostelacultura.gal)

Alberto Cernadas (crnds), Antía Ameixeiras, Begoña Riobó, Claudia Abril, Marta Collazo, Flor Díez, Diego Alonso e Germán Díaz participarán na presentación



Pedro Fariñas, Anaïs Barbier e María Jorge son Caldo

**Santiago de Compostela, 16 de maio de 2023-** Caldo presentará ao vivo **Lugar A Ponte**, o seu novo traballo discográfico, o vindeiro venres 9 de xuño. A actuación, que terá lugar a partir das 20:30 horas no Teatro Principal de Santiago, enmárcase na celebración da terceira edición do festival **O que non se escribe**, o encontro arredor do patrimonio sonoro e a creación contemporánea. As entradas para o directo, que contará coa participación de diferentes convidadas, están dispoñibles desde este martes 16 a través da páxina web [www.compostelacultura.gal](http://www.compostelacultura.gal).

**Lugar A Ponte**, o segundo álbum do trío conformado por **Anaïs Barbier, María Jorge e Pedro Fariñas** publicouse o pasado 12 de maio **nas principais plataformas dixitais**. Producido man a man con Alberto Cernadas (crnds), é un disco con dez cortes no que Caldo incorpora novas texturas e atmósferas á súa sonoridade, mais sen renunciar á súa identidade, que agroma e bebe da tradición. Neste sentido, o grupo adapta e toma como punto de inspiración melodías ou temas tradicionais recollidos en lugares de Gargamala, As Neves, Avión, Pontecaldelas e Pazos de Borbén.



O concerto do vindeiro venres 9 contará, ao igual que sucede no propio álbum, con numerosas colaboracións e **artistas convidadas**. Así, ademais da participación do produtor e instrumentista **crnds**, sobre as táboas do Teatro Principal Caldo acompañarase de **German Díaz** (zanfona), **Diego Alonso** (saxo), **Claudia Abril**, **Flor Díez** e **Marta Collazo** (voz e pandeireta) e as violinistas **Antía Ameixeiras** (Caamaño & Ameixeiras) e **Begoña Riobó** (SonDeSeu).

## Caldo

María Jorge (violín), Anaís Barbier (voz e pandeireta) e Pedro Fariñas (guitarra e gaita) son Caldo, o trío que achega a música tradicional a contextos sonoros contemporáneos a través da experimentación cos propios instrumentos. Premiadas co galardón ao **Mellor proxecto de música folk** nos **Premios Martín Códax da Música (2020)** e **gañadoras do concurso Fran Pérez 'Narf' da Deputación da Coruña (2020)**, as creadoras de Caldo integran melodías tradicionais galegas e composicións propias con influencias das músicas europeas e atlánticas, unha fusión natural que vai directa ao sentir do público.

O pasado 12 de maio Caldo publicou **Lugar A Ponte**, o seu segundo álbum, unha proposta íntima, moderna e potente, ateigada de honestidade e de responsabilidade tanto coa tradición coma con elas mesmas. Con este traballo, producido e gravado man a man con Alberto Cernadas (crnds), Caldo abre paso e reivindica o seu espazo no panorama actual coma unha das agrupacións imprescindibles á hora de entender a renovación e posta en valor da música tradicional a través da experimentación sonora.

Escoita **Lugar A Ponte**

Descarga o **kit de prensa de Caldo**

### Contacto de prensa Caldo

The Office Comunicación. Lucía Pita | 675 404 321 | [lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)

### Management & Contratación

Nave de Lata Cooperativa Cultural. Aitana Cuétara | 646 16 50 44 | [aitana@luneda.gal](mailto:aitana@luneda.gal)